XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 12 de febreiro de 2024, polo que se resolve a remisión á Xunta Electoral de Zona de Lugo da denuncia presentada pola representante xeral do Partido Popular ante a Xunta Electoral de Galicia contra o Bloque Nacionalista Galego por un presunto incumprimento dos artigos 54, 56 e 57 da LOREX (doc. RE 439/2024 e doc. RE 444/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 7 de febreiro de 2024 tivo entrada no rexistro do Parlamento de Galicia un escrito da representante do Partido Popular, no que formaliza denuncia contra o Bloque Nacionalista Galego(BNG) por un presunto incumprimento dos artigos 54, 56 e 57 da LOREX (doc. RE 439/2024), en relación ao uso indebido dun local público por parte do BNG. O 7 de febreiro de 2024 tivo entrada no dito Rexistro un escrito da representante do Partido Popular, no que amplía a citada denuncia contra o Bloque Nacionalista Galego(doc. RE 444/2024)

2. Logo de terse trasladado copia da denuncia ao Bloque Nacionalista Galego (RS 1164/2024), e ao concello de Lugo (RS 1195/2024) para os efectos de formular alegacións, e de serlle comunicado ese traslado ao Partido Popular (RS 1165/2024), con data 9 de febreiro de 2024 recibíronse alegacións do Bloque Nacionalista Galego (RE 475/2024)

3. O 12 de febreiro de 2024, reunida a Xunta Electoral de Galicia, tomou coñecemento do contido de toda a documentación referida.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Examinado o escrito de denuncia presentado, as alegacións recibidas, os artigos 56 e 57 da LOREX, así como os acordos da Junta Electoral Central de 24 de maio de 1999; 19 de maio de 2011 e 10 de novembro de 2011, estímase que as funcións previstas neses artigos relacionadas cos feitos denunciados son propias e exclusivas das Xuntas Electorais de Zona e indelegables.

En consecuencia,

ACORDA

O traslado da denuncia e das actuacións practicadas á Xunta Electoral de Zona de Lugo, órgano administrativo competente para a resolución da denuncia formulada.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 16 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal